

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de decembro de dous mil dezaoto; as dez horas e quince minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dez de decembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Licenza de primeira ocupación Praza de San Xoán nº1 e nº2 Rúa Yañez nº 30.

Vista a solicitude de licenza de primeira ocupación para edificación sita en Rúa Yañez nº 30 presentada por don Pier Luigi Zenaro con número de rexistro de entrada no concello 5544 de 29 de novembro de 2018.

Vista a documentación presentada con data de 29 de novembro de 2018:

-Certificado final de obra , visado polo COAG con data de 27 de novembro de 2018, e firmado pola arquitecta M^a Eulalia Torres Carro, redactora do proxecto e directora de obras , e polo arquitecto técnico D José Carlos Cancela Méndez, director de execución material das obras.

-Planos de fin de obra e fotografías , visados polo COAG , con data de 21 de novembro de 2018.

-Etiquetado e certificado de eficiencia enerxética.

Considerando que a edificación conta con Licenza de obras concedida con data de 20 de xullo de 2015 segundo “ Proxecto básico e de Execución de reconstrucción e ampliación de vivenda” redactado pola arquitecta dona María Eulalia Carro , con visado do COAG de data 24 de xuño de 2015.

Visto o informe de data 12 de decembro de 2018, de Aqualia , empresa concesionaria dos servizos municipais de abastecemento de auga e saneamento, no que se informa da “ correcta realización das obras de conexión á rede de abastecemento e saneamento , seguindo as especificacións plantexadas dende esta concesionaria”

No expediente consta informe da Arquitecta Municipal de data 13 de decembro de 2018 no que se indica :

“ Na visita de comprobación realizada con data de 7 de novembro de 2018, observouse que a edificación se axusta á licenza de obras concedida...

Conclusión:

Por todo o exposto, infórmase favorablemente á concesión da licenza de primeira ocupación”

A xunta de goberno, por unanimidade, acorda :

-Conceder a don Pier Luigi Zenaro a licenza de primeira ocupación da edificación sita en rúa Yañez nº30- Praza San Xoán nº1 e nº2, de Ribadavia, con referencia catastral 07239/01 e 07239/13, para a cal concedeuse licenza de obras por acorda da xunta de goberno local de 20 de xullo de 2015 segundo Proxecto básico e de execución de reconstrucción e ampliación de vivenda , redactado pola arquitecta dona María Eulalia Torres Carro, con visado do COAG de 24 de xuño de 2015.

-Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Preaviso de eleccións sindicais no concello presentado polo sindicato CC OO para o día 08/02/2018.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Remisión pola Consellería de Medio Rural para a cesión ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Ribadavia de material (pértiga e elementos accesorios) destinado a labores de retirada de niños de vespa velutina.

-Escrito da Xerencia Territorial do Catastro informando da aprobación da Orde HAC 293/2018 pola que se aproba o modelo de declaración de alteracións catastrais dos bens inmoables e se determina a información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación de determinadas comunicacións catastrais.

-Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense, con carácter de firme, ao terse desestimado o recurso de apelación interposto contra a mesma polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia , procedemento ordinario 0058/2016 A, do seguinte tenor literal:

“ Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto por D David Vales contra a Resolución de 17 de decembro de 2015, ditada polo Alcalde do concello de Ribadavia ,

pola que se procede ao arquivo do expediente de legalización da planta baixo cuberta da rúa Mera Soto de Ribadavia”

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Dase conta do Convenio de colaboración entre os concellos de Ribadavia e Carballeda de Avia para que vinte e cinco nenos de Carballeda poidan acceder a actividade Ribanadal a celebrar no polideportivo municipal.

Contrato menor de servizos para prevención da lexielose nas instalacións deportivas dependentes do Consello Municipal de Deportes.

Sendo necesario para o cumprimento da normativa sanitaria..

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para efectuar a prevención da lexielose nas instalacións deportivas , facendose necesario a realización dun contrato de servizos ao efecto.

Contratar con INSA.des o servizo de prevención da lexielose nas instalacións deportivas dependentes do consello municipal de Deportes por un importe total ,IVE engadido de 907,55 €

Aprobar o gasto por importe de 907,55 €

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 4º TRIMESTRE DO 2018.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2018, por importe de 49.926,65 euros, tarifa de depuración por importe de 9.672,85 euros, máis 5.973,13 euros de IVE, resultando un total de 65.572,63 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2018, por importe de 19.907 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.532,73 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.971,93 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de xaneiro e o 20 de febreiro de 2018”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº18/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº18/18, por importe de 154.180,72 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº19/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº19/18, por importe de 5.654,81 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e vinte minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE